



CONCELLO DE SANTIAGO

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 7 DE NOVEMBRO DE 2014

2.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvimento Urbano e Sostible relativa á licenza de obras solicitada por INMOBILIARIA LEROY MERLIN para construcción dunha nave destinada a venda de materiais de construcción e aparcadoiro no Parque empresarial sito en Rúa do País Vasco nº 6, parcela K4c01-1. (LIC/1093/2014)

A Xunta de Goberno autorizou as obras de construcción dunha nave para a venda de materiais de construcción e aparcadoiro, nunha parcela da rúa País Vasco, no parque empresarial da Sionlla.

A licenza, solicitada pola inmobiliaria Bricolaje Bricoman para a instalación dun establecemento comercial Bricomart, refírese a unha nave de soto, baixo e entreplanta, cunha superficie total construída de 8.232 m², e cun orzamento de execución material de 2.524.604 euros, segundo consta no proxecto presentado.

3.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvimento Urbano e Sostible relativa á licenza de obras solicitada por PARADORES DE TURISMO DE ESPAÑA, SA, para 2^a fase de adecuación de cuartos de baño de habitacións e aseos comúns de clientes no Hostal dos Reis Católicos, en Praza do Obradoiro, nº 1. (LIC/1110/2014).

Concedeuse unha licenza de obras a Paradores de Turismo de España, S.A. para obras interiores no Hostal dos Reis Católicos. As obras correspóndense cunha 2^a fase de adecuación de cuartos de baño de habitacións e aseos comúns de clientes e teñen un orzamento de execución de 440.020 euros.

4.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvimento Urbano e Sostible relativa á solicitude de licenza de obras presentada por DON JOSÉ SILVA CAMBEIRO para acondicionamento de local e apertura para cafetería, na rúa Cardeal Payá, nº 18. (LAP/223/2013).

Autorizáronse obras de reforma e concedeuse licenza municipal de actividade e instalación para un local con destino a cafetería na rúa Cardeal Payá (nº 18).

5.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvimento Urbano e Sostible relativa á solicitude de devolución de fianza presentada por UNION FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A. (LIC/1144/2014).

Acordouse a devolución dun aval por importe de 140.000 euros, depositado pola empresa Unión Fenosa Distribución, S.A, para responder da reposición dos servizos urbanísticos pola obras de canalización en San Caetano-Cidade da Cultura-Finsa II.

6.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvimento Urbano e Sostible relativa á solicitude de devolución de fianza presentada por D.XOSÉ VIQUEIRA ANTELO. (LIC/1206/2014).

Acordouse a devolución dunha fianza por importe de 600 euros para reposición dos servizos urbanísticos no procedemento de construcción dunha vivenda unifamiliar na rúa do Redondelo (Marrozos), logo de comprobar que posúe a licenza de 1^a ocupación e a reposición dos servizos afectados.

7.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvimento Urbano e Sostible relativa á adxudicación definitiva do contrato Servizo de conservación e mantemento do Parque de Brandía no Concello de Santiago de Compostela reservado a Centros Especiais de Emprego (D.A. 5^a TRLCSP), a ASPAS.

A Xunta de Goberno aprobou a adxudicación definitiva do contrato para a conservación e mantemento do parque de Brandía, á beira do río Sar, na parroquia de Vidán.

Trátase dun contrato reservado centros especiais de emprego e acordouse a súa adxudicación á empresa ASPAS Emprego, S.L. por un importe de 63.404 euros/ano, cunha duración de dous anos e posible prórroga por un ano máis.

8.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á prórroga do contrato de Servizo de elaboración dun Plan Director de sustentabilidade e eficiencia enerxética 2020 do Concello de Santiago de Compostela a Instituto Tecnológico de Galicia.

Atendendo á petición realizada pola empresa, tomouse o acordo de prorrogar o contrato subscrito no seu día coa Fundación Instituto Tecnológico de Galicia para a elaboración dun Plan Director de sustentabilidade e eficiencia enerxética 2020 do concello de Santiago. O novo prazo establecido (o anterior remataba o pasado 30 de agosto) fixa o remate dos traballos para o vindeiro 6 de febreiro, e en consecuencia procédese tamén a reaxustar para o ano 2015 as anualidades pendentes de pagamento que ascenden a 46.282 euros.

9.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á resolución do recurso de reposición presentados por MONTE DE SANTAS MARIÑAS e DOLMEN ASESORES INMOBILIARIOS, S.L.

Rexeitárose dous recursos de reposición presentados por outras tantas entidades contra unha resolución da Xunta de Goberno na que se acordaba desestimar a pretensión de que o Concello devolvera o prezo pagado por 2 parcelas (BB2 e BB5) no SUNP-11 do Castiñeiriño, así como que estas empresas completaran o pagamento que lle restaba pola compra.

10.- Proposta da concelleira delegada da área de Cultura e Patrimonio relativa a expediente de contratación de iluminación de Nadal.

Acordouse autorizar unha modificación no contrato para iluminación no Nadal coa empresa Iluminaciones Santiaguesas, S.L. que ten por finalidade introducir pequenas variacións no relativo aos elementos de iluminación e na súa localización, sen que se vexa alterado o importe determinado no seu día, que ascende a 48.340 euros, repartidos en dúas anualidades.

12.- Proposta do concelleiro delegado da Área de Seguridade e Mobilidade relativa ao inicio do expediente de contratación de subministro e instalación dos materiais necesarios para a mellora das condicións de seguridade do tráfico no paso de peóns do Instituto Rosalía de Castro e Avda. do Camiño Francés.

Acordouse autorizar a apertura do procedemento para adxudicar o subministro e instalación de materiais precisos para a mellora da seguridade vial en dous pasos de peóns: nas proximidades do Instituto Rosalía de Castro e na Avenida do Camiño Francés. No caso do Instituto Rosalía de Castro está previsto a instalación de semáforos centralizados no paso de peóns existente na saída do centro, na prolongación do Campo de San Clemente. No caso da Avenida do Camiño Francés, a mellora prevista inclúe a instalación de semáforos nos pasos de peóns no cruce das rúas Fontiñas e París e a implantación dun novo paso de peóns na propia Avenida. Nesta mesma Avenida vaise proceder á prolongación da beirarrúa e da varanda existente na saída do paso subterráneo en dirección a San Lázaro, nuns 18 metros, e á colocación doutra varanda na beirarrúa nas proximidades da rúa Victoria Kent. O tipo de licitación establecido para estas dúas actuacións é de 62.767 euros.

13.- Proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais-Xuventude relativa ao inicio do expediente de contratación denominado "Subministro e instalación de mobiliario para o Centro Xove de Creación Cultural".

Para dotar de mobiliario ao Centro Xove de Creación da Almáciga, acordouse a apertura do procedemento de adxudicación, cun tipo de licitación de 47.824 euros.

14.- Proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais para dar conta da concesión da subvención solicitada á Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia ao abeiro da Orde do 28 de xullo de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións de programas desenvolvidos polas corporacións locais para a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión social, e á súa convocatoria para o exercizo 2014, cofinanciada polo Fondo Social Europeo 2007-2013.

A Xunta de Goberno foi informada da concesión dunha subvención da Consellería de Traballo e Benestar para levar a cabo 3 programas para a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión social. A contía da subvención ascende a 111.136 euros para os 3 programas.

15.- Proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais relativa á resolución da convocatoria de subvencións para o fomento de actividades a prol a igualdade e do movemento asociativo de mulleres para o ano 2014.

Logo de comprobar o cumprimento dos requisitos das 13 solicitudes presentadas, procedeuse á asignación do total do crédito dispoñible entre elas, coa excepción da Vogalía da Muller da

Asociación Veciñal a Xuntanza que recibiu o 100% da cantidadade solicitada para a súa actividade por importe de 480 euros. As 12 entidades restantes recibiron cada unha 1.376,50 euros, co que se completa o total de 16.998 euros con que se tiña dotado a convocatoria.

Estas 12 entidades son:

- Asociación de Empresas de Inserción de Galicia (AIEGA)
- Asociación Plataforma polo Emprego
- Asociación de Viúvas Rosalía de Castro
- Asociación Profesional para a Calidade da Formación
- Vogalía da Muller da A.VV. Camiño de Santiago
- Asociación de Mulleres Recandea
- A.VV. de Angrois
- A. VV. Monte do Gozo
- Asociación Veciñal As Brañas de Andrés
- Asociación de Empregadas do Fogar Xiara
- Federación Autismo Galicia
- Asociación de Persoas Xordas

16.- Proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais para dar conta da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e a Agrupación Deportiva El Correo Gallego, para o desenvolvemento da XXXVII Carreira Pedestre Popular de Santiago.

A Xunta de Goberno foi informada da sinatura dun convenio aprobado coa Agrupación Deportiva El Correo Gallego para o desenvolvemento da Carreira Pedestre Popular de Santiago, celebrada o pasado 26 de outubro (10.000€)

17.- Proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais relativa á aprobación do Programa de natación orientado á participación de colectivos que están a traballar con persoas con algúna discapacidade ou enfermidade crónica.

Acordouse renovar o programa e o convenio que permitirán reactivar no actual curso 2014-2015 o programa posto en marcha no curso anterior para facilitar a práctica da natación a colectivos de persoas con discapacidade ou enfermidade crónica. O programa, que se desenvolverá mediante o convenio coa empresa xestora das instalacións deportivas de Fontes do Sar e de Santa Isabel, desenvolverase en horario de mañá de luns a venres, durante os días lectivos do curso escolar (de novembro a 31 de maio), en quendas de 45 minutos en grupos que non superen os 35/40 participantes. O prezo deste servizo -no que o concello únicamente realiza o labor de promotor, prestando o servizo administrativo necesario para a información e inscricións- é de 35 euros/persoa por todo o período.

18.- Proposta da concelleira delegada Área de Servizos Sociais relativa á aprobación da liquidación do programa municipal de conciliación "Semana Santa 2014".

Aprobouse a liquidación do programa municipal de conciliación de Semana Santa 2014 que contaba cun orzamento aprobado de 3.000€. Logo da achega dos participantes (1.613€) e de aboar os gastos do programa, o balance ofrece un saldo positivo para o concello de 2.829€.

19 a 49.- Proposta do concelleiro delegado de facenda relativa a beneficios fiscais no lixo, pola utilización privativa e o aproveitamento especial do dominio público, na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

A Xunta de Goberno, conforme ao disposto nas ordenanzas reguladoras, resolveu tamén 42 solicitudes presentadas para a obtención de beneficios fiscais na súa maior parte referidos a exención de servizos de lixo e outras de abastecemento e sanemento.

No punto 48, Concedeuse unha bonificación do 50% na taxa por utilización privatiza e aproveitamento especial do dominio público municipal á empresa Ficción Producciones, S.L., por traballos de rodaxe da producción "Códice" durante catro días do pasado mes de outubro.

50.- Proposta do concelleiro delegado da Área de Régime Interior e Administración Pública relativa á adhesión á central de contratación da FEMP.

Acordouse a adhesión do Concello de Santiago á Central de Contratación da Federación Española de Municipios e Provincias, que se formalizará mediante o correspondente acordo ou convenio.

51 a 53.- Proposta da concelleira delegada de Economía relativa á solicitude de trasmisión das casetas NC281 e NC282 da Praza de Abastos; Proposta da concelleira delegada de Economía relativa á solicitude de trasmisión das casetas CE03, CE04, CE05 e CE06 da Praza de Abastos; Proposta da concelleira delegada de Economía relativa á solicitude de traspaso da caseta núm. MC002 da Praza de Abastos.

Autorizouse o cambio de titularidade de 7 casetas da praza de abastos que pasarán a 3 novos propietarios.

54.- Proposta da concelleira delegada de Economía para dar conta do convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento, a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia e o Concello de Santiago para a realización e financiación das obras de remodelación do mercado de abastos de Santiago de Compostela.

Deuse conta da sinatura dunha addenda ao convenio subscrito no seu día entre o Ministerio de Fomento, a Consellería de Economía e Industria e o Concello para a realización e financiamento das obras de remodelación da praza de abastos. A modificación ten por finalidade determinar as anualidades orzamentarias pendentes tendo en conta o programa de traballo e o aumento do IVE (pasou do 18% ao 21% actual). Polo tanto, mantéñense as porcentaxes de participación (50% Fomento, 22,45% Xunta e 27,55% Concello) e modifícanse os importes resultando un total para o conxunto da obra de 5.260.178€ (antes 5.138.616€), dos que se asignan para a anualidade final de 2014 a cantidade de 2.260.854,54€, dos que ao Concello lle corresponden 571.683,93€.

55.- Recoñecementos extraxudiciais de créditos.

Por último, aprobouse un recoñecemento de créditos para fazer fronte a 7 facturas de diferentes acredores, por un importe global de 91.517 euros.